




UNIVERSIDADE
DE VIGO



Rectorado

O Real Decreto 1497/1987, de 27 de novembro, regula os supostos especiais de incorporación os segundos ciclos esixindo algún ou algúns dos seguintes requisitos: acreditación dun título determinado de primeiro ciclo, superación dun primeiro ciclo en xeral e a superación dos complementos de formación que se precisen.

Na instrución desta Secretaría Xeral do 3 de xullo de 1997, estableceuse o tratamento ós complementos de formación nos supostos de alumnos que os teñan cursados no seu primeiro ciclo de procedencia, única excepción a posibles validacións/adaptacións sobre materias cursadas no primeiro ciclo.

Ante as solicitudes de validación/adaptación de materias de primeiro ciclo por materias de segundo ciclo nos supostos especiais de incorporación os segundos ciclos, e polo que

ESTA SECRETARIA XERAL DISPON:

PRIMEIRO: Aqueles alumnos que accedan ó segundo ciclo de calquera titulación non poderán validar/adaptar ningunha materia do primeiro ciclo de procedencia, excepto nos supostos dos complementos de formación.

Non obstante, os alumnos que o prefiran poden acollerse a unha validación/adaptación global da titulación, materia por materia, tendo en conta os criterios xerais acordados polo Consello de Universidades e incorporados no anexo I do R.D. 1497/1987.

SEGUNDO: As certificacións dos alumnos que accedan a un segundo ciclo especificarán a titulación de procedencia (no momento da matrícula é preciso indicar o código da mesma) e só incluírán as materias do segundo ciclo e os complementos de formación no seu caso.

Vigo, 20 de outubro de 1997
O SECRETARIO XERAL

Xose Luis Legido Soto



SR.XEFE DE SERVICIO DE ALUMNADO.
SRES/AS XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA U.VI.
SR/A.RESPONSABLE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN.

